

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal
Ficha documental da epistola de Ramón Martínez López, a Valentín Paz-Andrade do
07/03/1978

Colección:

Data: 07/03/1978

De:

Ramón Martínez López;

Para:

Valentín Paz-Andrade;

Destino:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada con firma autógrafa:]

Localización física:Arquivo familiar Paz Andrade

Temáticas:

Asuntos particulares; Publicacións; Universidade;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Ramón Martínez López, a Valentín Paz-Andrade do 07/03/1978

7 de marzal de 1978

Sr. D. Valentín Paz-Andrade
Plaza Compostela, 6
Vigo

Querido Valentín:

Mándoche esas duas cartas, unha do meu libreiro de Austin, a segunda que me escribe, e a outra da Univ. of California Press que ven a decir que "lamentan non ser capaces de identificar o seu pedido a base da información proporcionada. Se poderan averiguar en que campus (a Universidade de California é un complexo de sete ou oito universidades –Los Angeles, Berkeley, Santa Barbara, La Jolla, etc.. etc.-) onde a publicación se orixinou, suxerímoslle que se dirixan directamente ao encargado das publicacións daquel campus. Pode mandarlle toda a información de que dispoña, autor, título completo, número standar de publicación, título da serie en que se publicou o libro, ou clasificación por materias e volumen das series, data, etc.

Como ves esto é mais difícil que atopar un Presidente pra Xunta. Mais, por si tes algunha indicación que poda axudar, mándama e insistiremos. Non será que a referencia que atopaste era o título dunha tesis doctoral apresentada mais aínda non impresa? Nese caso, obter un microfilm sería posible –se sabemos en que campus da U. de California foi apresentada, mais tamén caro.

O meu libreiro di algo importante: que ese libro non figura no catálogo de libros publicados, nen polo autor nen polo título. E eses catálogos son como a Biblia ou a Constitución naquel país... Tratarase dun artigo nalgunha revista? Vou escribir ao profesor de Portugués da miña Universidade –antigo alumno meu, por ve se él sabe algo desto. Lembranzas de Sabela pra Pilar e pra ti fondas apertas de

Moncho

[Manuscrito:] Mándoche también esa carta que me escribe un amigo do meu irmán Pepe a quen non podo faltar. Se puderas conseguir algo ben, mais polo menos agradeceríache a resposta que che manden da Dirección Xeral de Enseñanzas Medias do Ministerio de Educación e Ciencia pra demostrar o meu interés.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.